

RENACEMENTO - CINQUECENTO

OBRA: **GIOCONDA ou MONA LISA**

ESTILO: Renacemento (Cinquecento)

AUTOR: **LEONARDO DA VINCI**

XÉNERO: Retrato

CRONOLOXÍA: 1503-1505

TÉCNICA: Óleo sobre táboa

LOCALIZACIÓN: París (Museo do Louvre)

MEDIDAS: 77 cm x 53 cm



ANÁLISE E COMENTARIO

La Gioconda é un dos cadros que maiores controversias desencadearon ao longo da Historia da Arte. Durante moitos anos especulouse sobre a identidade da retratada, desde unha amante de Giuliano de Médici ata que é o propio Leonardo, se ben a maioría de expertos pensan que se trata dun retrato de Lisa Gherardini, esposa de Francesco Giocondo, un comerciante de Florencia. Leonardo tivo unha especial estima a esta obra, que lle “acompañou” á Corte de Francisco I a Francia, onde morreu. Considérase o prototipo de retrato renacentista. O retrato adoitaba ser un busto representado de perfil, pero na *Gioconda* Leonardo introduce un novo tipo de representación. A técnica é óleo sobre táboa, e logo trasladouse a lenzo. Aparece sen cellas ao parecer por unha errónea restauración, circunstancia que a fai máis enigmática.

Trátase do retrato dunha muller situada nunha terraza, sentada nunha cadeira de madeira de forma semicircular con repousabrazos e barrotes. Está vista xusto ata debaixo do talle. Leonardo pinta á modelo sentada en escorzo lateral e cabeza levemente xirada, e o brazo esquerdo descansa sobre o brazo da cadeira en sentido contrario que a cabeza, que se dispón case de fronte coa mirada de lado. Cruza as mans, a dereita sobre o pulso esquerdo e as mangas amarelas forman numerosas pregas sobre os seus antebrazos. O seu aspecto é estrañamente sobrio en referencia ás roupaxes pintadas na mesma época. Existe un gusto polos detalles, fino velo, encaixes, estudo naturalista dos pregues do vestido e dos finos dedos alongados con gran elegancia. A composición é clásica, piramidal, co vértice na cabeza.

En canto ao volume, os rasgos e o contorno da figura están difuminados polo *sfumato*, que é como unha especie de néboa que se consegue a base de veladuras sucesivas de óleo que difuminan as liñas do debuxo. Porén, nas mangas o modelado ten uns contornos definidos e unha aparencia algo ríxida, en cambio as teas dos ombreiros presentan un modelado máis suave e con *sfumato*.

A luz concéntrase no rostro e crea un suave bronceado no seu lado esquerdo. Leva un fino velo, símbolo de castidade.

As grandes obras dos mestres do Quattrocento italiano que seguiron a vía aberta por Masaccio tiñan en común que as súas figuras parecían algo ríxidas, esquinadas, case de madeira. A razón pode ser que canto máis conscientemente copiamos unha figura, cada liña e cada detalle, menos podemos imaxinar como se move e respira realmente. Parece como se o pintor collese un espello e pechase a figura nel para sempre. Os artistas tentaron superar esta dificultade de varias formas. Botticelli tratou de realzar nos seus cadros o movemento dos cabelos e os adornos flotantes das súas figuras, para facelas menos ríxidas de contornos. Pero só Leonardo atopou a verdadeira solución ao problema. O pintor debía deixar ao espectador algo que adiviñar. Se os contornos non estaban tan estritamente debuxados, se a forma se deixaba con certa vaguedade, como se desaparecese na sombra, esta impresión de dureza e rixidez evitárase. Esta é a invención do ***sfumato***: o contorno borroso e as cores suavizadas que permiten fundir unha sombra con outra e que sempre deixan algo á nosa imaxinación. A sistemática observación dos fenómenos físicos levou a Leonardo a degradar as cores para marcar a lonxanía progresiva da paisaxe e suavizar o debuxo difuminando os perfís como efecto da atmósfera que envolve figura e natureza, de xeito que ámbalas dúas queden harmónicamente unificadas. Así, mentres pinta as figuras e os obxectos situados en primeiro termo cunha maior precisión, vai suavizando e matizando o trazo a medida que os obxectos se alonxan, de xeito que quedan difuminados pola masa de aire interposta, dando a sensación dunha auténtica lonxanía (***perspectiva aérea***).

O fondo é a típica paisaxe leonardesca, de gran forza atmosférica. Poderían ser as vistas dos Alpes que Leonardo chegou a ver na súa viaxe a Milán. Ten un elemento de inquietude formal que aumenta o carácter enigmático da obra: a paisaxe supón unha vista a ollo de paxaro mentres que a figura se deixa ver de xeito frontal. Porén, hai harmonía entre a figura e a paisaxe. A paisaxe na que se sitúa a figura é moi importante, tanto polo feito de conseguir a profundidade como por resaltar o enigmático do seu sorriso. Nesta paisaxe combina lagos, montañas e néboa, aparecendo todo moi difuminado, co que crea a profundidade que se consegue co *sfumato* de novo e con gamas de cor frías: azuis, prateadas. Este tipo de perspectiva aérea será perfeccionada no Barroco. Este interese pola profundidade é consecuencia das súas investigacións sobre a perspectiva froito da súa experiencia baseándose no feito de que as cousas se ven con menos claridade e máis difuminadas coa distancia polo efecto da atmosfera. Ademais, nesta paisaxe a liña do horizonte non coincide nos dous lados, sendo máis alto no lado da nosa dereita, de xeito que ao estar a liña do horizonte máis baixa a nosa esquerda arrastra a mirada cara abaixo, e o da dereita faino cara arriba, parecendo máis alta.

A Gioconda cambia a expresión ao mirala dun a outro lado. Amona un estudo psicolóxico a través dos ollos e o enigmático sorriso que a fixo famosa. A súa expresión está entre sorrinte e nostálgica.

A figura feminina centraliza a composición, especialmente o seu rostro, predominando o eixo principal que atravesa a figura dividíndoa en dúas metades perfectas. Tamén atopamos un eixo horizontal á altura dos seus ombreiros. Podemos sinalar que a figura da muller pode ser esquematizada mediante un sinxelo triángulo. Parte da maxia do cadro áchase no sumo coidado co que o artista calculou cada un dos eixos. Destaca unha técnica moi depurada na que nada se deixa ao azar, un control sobre o espazo e o movemento no espazo, sobre a luz e as tebras. A cara está delicadamente pintada a través dun *sfumato* que acada aquí a maior sutileza, unindo as cellas ao nariz, o nariz á boca, cuxas comisuras conservan, a pesares do sorriso, un pouco de melancolía. É o máximo exponente do retrato leonardesco, unha das obras máis delicadas do autor e a que mellor recolle algúns dos eixos fundamentais do seu estilo de beleza. O virtuosismo na técnica do *sfumato* coa aplicación da pintura moi fluida en finísimas capas superpostas vai permitirle conseguir veladuras e transicións case imperceptibles que disolven os perfís. Leonardo consegue unha presenza viva diante do espectador, parece que respira e se move.

A Gioconda convértese nunha icona da Historia da Arte, como demostran as múltiples versións que se realizan desde o primeiro momento ata a Arte Contemporánea.